

AS INSTITUCIÓN DE ESPAÑA E DA UNIÓN EUROPEA

Relaciona cada Institución coa súa definición.

Xefe de Estado	•	• Son o goberno da UE. O seu traballo consiste en dirixir a administración, elaborar os orzamentos e propoñer novas leis para mellorar o funcionamento da Unión. Está en Bruxelas.
Cortes Xerais	•	• É un tribunal especial que ten como obxectivo interpretar a Constitución.
Goberno	•	• É o rei. O rei non goberna, senón que acata as decisións das Cortes Xerais, por iso España é unha monarquía parlamentaria.
Tribunais de xustiza	•	• Estúdanse e apróbanse as leis propostas pola Comisión Europea, apróbanse os orzamentos e acéptase o nomeamento do presidente da Comisión. Está en Estrasburgo e Bruxelas.
Tribunal Constitucional	•	• Representa os cidadáns de Galicia. As funcións principais do Parlamento de Galicia son: elaborar as leis propias de Galicia, aprobar e controlar os orzamentos, elixir o Presidente de Galicia e controlar o labor da Xunta de Galicia.
Parlamento de Galicia	•	• Constituídas polo Congreso dos Deputados e o Senado. Os seus membros son elixidos cada catro anos nas eleccións xerais polos cidadáns españois maiores de dezaioito anos. Teñen, entre outras, as seguintes funcións: elaborar as leis, aprobar os orzamentos do Estado e controlar o Goberno.
Presidente da Xunta	•	• Ten a súa sede en Bruxelas e a el correspóndelle, xunto co Parlamento Europeo, aprobar as leis da UE.
Xunta de Galicia	•	• É o máximo representante de Galicia, dirixe a actividade da Xunta de Galicia e designa os vicepresidentes e conselleiros da Xunta de Galicia
Comisión Europea	•	• Encárgase de dirixir o Estado. Está formado polo presidente e polos ministros.
Parlamento Europeo	•	• Formado por un xuíz de cada un dos países membros e ten a súa sede en Luxemburgo. A súa función consiste en asegurarse de que se respectan as leis da UE e de que se aplican da mesma forma en todos os Estados membros.
Consello da Unión Europea	•	• É o goberno autonómico de Galicia. Aplica as leis que aproba o Parlamento e toma decisións sobre asuntos relacionados coas áreas que son competencia de Galicia, como sanidade, educación, cultura, medio natural...
Tribunal de Xustiza	•	• Correspóndelles xulgar as persoas que non cumpren as leis.
Tribunal de Contas	•	• Formado por un representante de cada Estado membro e tamén ten a súa sede en Luxemburgo. A súa función consiste en controlar que os fondos da UE se utilizan de forma correcta e para o fin previsto.